



O cura que me casou-e
tamén me puido velar-e,
/:se me peta na cabeza
volvireim´a descasar-e:/

O cura que me casou-e
estaba tolo ou borracho
qu´inda non me preguntou-e
s´era femia ou era macho.

Ai la la la...

E vai de rondiña
e vai de rondá
e vai de rondiña
/:a noite todá (x3):/
e vai de rondiña
e vai de rondá.

¿No te acuerdas que me has puesto
tus manos junto a las mías
/:y me has dicho llorando
que jamás me olvidarías:/?

Ai la la la...

Chamáchesme pera parda
i eu a ti mazán podrida,
/:i-a pera parda se come,
i a mazán podre se tira:/

Vai de rama en rama,
vai de flor en flor,
e vai pola veira
/:un bo bailador (x3):/
vai de rama en rama,
vai de flor en flor.

Rapaza, ti é-lo demo
que me andas atentando,
paso ríos, paso puentes,
siempre t´encontro lavando.



Debaixo daquela pedra
donde María lavaba,
había un anillo d'ouro
nunha mazán colorada.

Teño pena, teño pena,
pena por te ver penar-e
i a maior pena que teño:
de non che poder falar-e.

O meu amor xa me dixo
que nunca me olvidaría,
eu tamén lle dei palabra
para tod'á miña vida.

Mi amor, me tiene dicho,
mi amor, dicho me tiene,
mi amor, me tiene dicho
lo que a mi no me conviene.

Ai la la la....

En el mundo manda Dios
y los hombres en la Tierra
en las cosas de justicia
el que más dinero tenga.

Cando m'apret'ó zapato
eu ben o sei alarghar-e,
como te supen querer
tamén te sei olvidar-e.

Fixen unha crus na porta
outra na folla do olmo
digoch'a tí queridiña,
qu'eu aquí nunca máis volvo.